



NOTA DE PRENSA

Olimpiada Galega de Bioloxía

Santiago, 11 de xaneiro de 2016. O vindeiro venres día 13 de xaneiro celébrase na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) a proba correspondente á XII Fase Autonómica Galega da Olimpiada de Bioloxía. Coorganizada pola Asociación Olimpiada Española de Biología (OEB), o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a propia Facultade de Bioloxía da USC, nela inscribíronse 115 estudantes de 35 centros de secundaria da comunidade autónoma galega. Este certame diríxese aos estudantes de segundo curso de bacharelato e na súa organización colaboran as outras universidades galegas e a Xunta de Galicia.

O fin das olimpiadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación científica entre os estudantes do sistema educativo español.

Foron admitidos 18 de centros da provincia de A Coruña, 14 de Pontevedra, 2 de Ourense e 1 de Lugo (*). A organización do certame estableceu un máximo de catro estudantes por centro educativo.

O certame consistirá na resolución dunha proba teórica tipo test e unha proba práctica cos contidos de Bioloxía da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida.

A clausura da xornada asistirán o Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Sr. D. Román Rodríguez González a Sra. Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social Sra. D^a M^a Dolores Álvarez Pérez; os Sres. Decanos das Facultades de Bioloxía gallegas (USC, D. Antonio Segura Iglesias; UVIGO, D. Jesús Miguez Miramontes; UDC, Vicedecano de Organización Académica Dr. Andrés Martínez Lage), Sr. Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Miguéz Baños, o Delegado Institucional do COBGA na Olimpiada Española de Biología, Pablo Fernandes Alonso, a Sra. Directora do grupo de Traballo da Selectividade en Galicia, Dña. Ángeles Bernal Pita Da Veiga e a Sra. Inspectora de Educación, Dña. Berta Estrada Arias.

Os/as tres gañadores/as da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, que celebrábase en Pamplona do 23 ao 26 de marzo de 2017.

Máis información:

COBGA (Pablo) Tel. 981 53 14 40



XII EDICIÓN DA OLIMPÍADA ESPAÑOLA DE BIOLOXÍA- FASE GALEGA

Facultade de Bioloxía Universidade de Santiago de Compostela
Venres 13/01/2017

Plan da Xornada:

- 10:00 a 10:45 Recepción de participantes na Facultade de Bioloxía
- 11:00 Examen teórico
- 11:00 Visita para docentes
- 12:45 Descanso-aperitivo
- 13:00 Examen Práctico
- 14:00 Comida
- 15:45 Visita alumnos/as laboratorios
- 17:00 Conferencia. "Ranas, ecuaciones y moléculas: Entendiendo los patrones de diversidad". Carola Gómez-Rodríguez. Investigadora Juan de la Cierva Laboratorio de Bioxeografía e Sistemática Molecular, BIBICI-USC
- 18:00 Acto de clausura e entrega de diplomas por parte das Autoridades presentes
- 19:00 Remate da xornada

(*)A Coruña; Ames, As Pontes, Cambre, Culleredo, Ferrol, Melide, Narón, Santiago de Compostela, Guitiriz, Ourense, Viana do Bolo, Caldas de Reis, Cangas do Morrazo, Lalín, Ponteareas, Pontevedra, Valga, Vigo e Vilalonga-Sanxenxo